

Percorrido por unha paisaxe de nós
[a disección máis extensa e completa da novela *Costa do Solpor*
(Muxía, 21-6-2013)

Loable o andar de Xosé M^a Lema presentando a novela polo país adiante. É o que nos queda aos que nos intentan meter nunha cultura minorizada, que non minoritaria: **facen campaña boca a boca**, ir de porta en porta e utilizar as novas tecnoloxías para chegar ao público. Isto é así pois os grandes medios nunca nos abrirán as súas portas, nin nos poñerán unha alfombra vermella como poñen a moitos que o que fan é, simplemente, chamar a atención. Vivimos nun mundo onde o importante é o baleiro, a nada, o inane onde a noticia só é a histeria e o onanismo.

Así, un que leva toda a vida tratando de estudar os diversos aspectos dunha cultura social e tratando de difundila, non é noticia, non merece moita atención da prensa dominante, porque isto non se fai desde o histerismo. Pero seguiremos traballando caladamente e falando do noso traballo a quen queira escoitarnos, que aínda son, sabendo que nunca chamaremos a atención dos grandes medios de comunicación, que si dedicarán páxinas e minutos a noticias a xente e cousas que nada din, pero que fan que outros non teñamos a oportunidade de dicir.

Non queremos nin podemos estar calados, queremos facer que as nosas voces se escoiten. E, así, Lema andou co seu libro por Compostela, por Cacheiras, que é onde vive, A Coruña, Lugo, Allariz, Vimianzo, Carballo, Arteixo, no seu Baio, e non sei si en algún sitio máis, e en todos eles acompañado de nomes senlleiros da nosa cultura, xente *conauthoritas*, que é o que fai falta e non autoridade, que é o que sobra hoxe; *auctoritas* para falar do que teñen que falar, coma Paco Fernández Rei e Ferro Ruibal, Primitivo Iglesias, Xosé Antón Laxe Martiñán, José M^a Laredo Cordonié, David Otero, Xoán Carlos Garrido, e non me esquezo dos de aquí: Concha Blanco, María Canosa, Chema Rei Lema, Chus Barbeira, Xan Fernández Carrera, Xosé M. Varela Varela e Alexandre Nerium.

E todos eles falaron de *Costa do Solpor*. E dixeron que **a novela empeza onde remata *A illa do Tesouro*** de Robert Louis Stevenson, que é unha **novela de aventuras** e de aventuras clásicas, onde hai piratas, tesouros, acción, liortas etc; dixeron tamén que está moi ben ambientada nas terras da Costa da Morte, que nela aparecen persoeiros dela, que aparecen lendas e historias, que aparece o léxico, a toponimia, os alcumes; dixeron que está ben escrita, dixeron e dixeron ben e dixeron que era un magnífico libro. Tanto dixeron que os que vimos agora presentala temos medo a repetir cousas xa ditas, porque todas estas presentacións Lema cólgaas no seu blog, que se chama como a novela, claro.

Entón, xa non queda nada que dicir? Ben, unha novela de máis de seiscentas páxinas debe ter moito que dicir aínda e dalgunhas cousas ditas seguramente se podería dicir moito máis, non sei si mellor, pero máis si. En definitiva, que **a novela dá mesmo para varios ensaios** e unha ou varias teses de doutoramento.

Pero non estamos aquí para defender unha tese, estamos para falar da novela escrita por un amigo e por un compañeiro de camiño nas inquiredanzas intelectuais e, tamén, nas políticas, pois queremos un futuro digno para este vello país e no que se nos respecte simplemente por ser, por ser galegos ou galegas, claro.

Así que cheguei á conclusión de que o mellor era facer como que non lin nada do que se dixo sobre a novela e falar de cómo me acheguei a ela.

A novela da Costa da Morte: como se xestou

Creo que foi en Baio e na presentación do libro *Contos*, os contos en galego de Labarta Pose, o escritor baiés, libro editado por Xosé M^a Lema e Xosé Manuel Varela no 1996. Neste libro hai un conto sobre a romaría da Barca que fora publicado no xornal muxián *El Eco de Mugía* (deste xornal, que se editaba cada quince días e que se publicou durante varios anos, só coñecemos uns pouquiños exemplares) e xerou hai máis de cen anos unha polémica co párroco polo que dicía que pasaba no santuario da Barca. Digo que foi nesa presentación cando X. M. Varela comparou a Lema con un dos grandes da cultura galega, con don Ramón, con Otero Pedrayo, e dixo que só lle faltaba escribir unha novela. “E tamén algo de poesía”, diría eu.

Pois non escribiu unha novela: escribiu **a novela da Costa da Morte**.

A verdade é que naquel momento non lle dera máis importancia ás palabras do malpicán. Pero pasado uns anos, non lembro ben cando, Lema pediume **que o levase até a furna da Buserana**. Indo cara á furna díxome que estaba dándolle voltas ao tema da lenda, que quería escribir algo sobre ela, mais nunca pensei que sería unha novela e unha novela deste calibre, onde se reflicte unha boa parte da historia das xentes desta terra occidental, terra amarrada pola “vaga escumante do Atlántico”, que diría don Gonzalo [López Abente], terra que sempre ollou cara a ese espazo de liberdade, como querendo navegar en *jangada* de pedra e deixar atrás as ataduras que historicamente nos impuxeron. Só me entrou a curiosidade por ver como trataría o tema da lenda.

Na procura doutras paisaxes (e lendas) atlánticas

E o reloxo da vida seguiu andando. No 2011 planificamos unha viaxe a Cornualles e pediume, a ser posible, que no itinerario incluíse **Bristol** e **Falmouth**. Mais a cousa estaba complicada, pois non tiñamos moitos días, as distancias eran longas e as estradas non son aló que digamos moita cousa. Pero eu non podía imaxinar por que esa teima. No de Falmouth podía imaxinalo: o barco-correo que durante un tempo uniu esta cidade coa da Coruña, algo que nos mantiña en contacto cun mundo distinto e máis desenvolvido en algúns aspectos ca o noso. Non imaxinaba que Lema me estaba tamén pedindo paisaxes relacionadas dalgunha maneira con *A illa do tesouro*. Non sabía que esa viaxe era tan importante para el. Houbo un momento que pensei levalos ao *Jamaica Inn*, aló nos Bodmin Moors, que na novela ten que ver con naufraxios e outras historias

semellantes ás da nosa terra, pero tampouco puido ser, pasamos preto no camiño de ida. Tíñamos que ir cara ás terras da *fisterra*, cara a Penn an Wlas.

Xa en Cornualles comprobei que estaba moi interesado pola **lenda da serea de Zennor**, unha lenda que, podemos dicir, ten certo paralelismo coa da furna da Buserana e mesmo coa dos Mariño da nosa historia medieval, lenda esta que tamén sae na súa novela. Outra cousa na que mostrou interese, máis ben preocupación, foi diante dunha placa colocada naquela igrexa en memoria da última persoa que falaba a lingua córnica. Supoño que aos dous, e a outros compañeiros que estaban connosco alí, pensamos o mesmo: que nunca se colocase unha placa dese estilo aquí en Galicia. Pero por ese tempo córnico a novela xa tiña que estar escrita. Simplemente o autor debía de estar comprobando algúns detalles, paseando mentalmente por paisaxes culturais que utilizou na súa obra, paisaxes que, por certo, teñen semellanzas coa nosa máis aló da simple aparencia visual.

E un día chegou a unha xuntanza do Seminario de Estudos da Costa da Morte cun pesado feixe de follas impresas, pero isto xa o contou a compañeira Chus Barbeira na presentación de Vimianzo. Estes foron os meus primeiros contactos coa novela *Costa do Solpor*. Así que cando realmente souben da súa existencia só agardaba con ansiedade ver de que ía, ver como Lema se encarou coa nosa historia para mirar ao futuro. Tan pronto como saíu merqueina axiña e empecei a lela nesa mesma noite, e xa van alá uns meses.

O grosor da novela, ¿un impedimento para a lectura?

Xosé M^a Lema máis eu **compartimos inquiredanzas** e temos feitos algúns quilómetros xuntos, desde Santiago cara a estas terras, para participar en charlas, xuntanzas e outras actividades, mesmo para acudir a algún enterro ou funeral. Nestas viaxes hai tempo para moitas conversas, para compartir pensamentos; este tempo xuntos reforza unha amizade, e os amigos aconsellan ou suxiren. Cando me dedicou a novela suxeríume, de palabra e por escrito, que a lera de vagar, que non lera máis de dous capítulos por noite, que a debía “ler devagariño, sen os apuros de hoxe en día”.

Pois desta vez **non lle fixen caso**. A primeira noite lin tres capítulos. Pensei ler outro máis, pero dixen “tampouco lle vou levar a contraria desde o comezo da lectura”. Sempre lin máis de dous capítulos seguidos. **Desde as primeiras páxinas entroume a curiosidade** por saber como seguía, como se desenvolvían as accións, por que lugares andaban, que nomes aparecían. Pero tamén teño que dicir que non lin a novela dun tirón, que houbo algúns días que outras ocupacións non me permitiron collela ao chegar á casa, mais penso que a lin bastante rápido, non tanto como outros.

Quero con isto tamén dicirvos que **non vos asustedes polo grosor do libro**, polas máis de seiscentas páxinas, que se len ben, que non cansan, todo o contrario, que sempre queda a curiosidade por ver o final e o remate dun capítulo incita a empezar o seguinte e seguir lendo até o final.

E aquí tamén outra reflexión: por que **outras novelas gordas**, como Harry Potter e outras dese estilo, non son consideradas pesados feixes? Mesmo se estende a idea de que teñen que ser gordas e é todo un recto de ultra modernidade chegar ao final. Sen embargo noutros casos, como neste, o número de páxinas preséntase como algo que lle quita atractivo. “Cousas do mercado”, que diría un tal De Guindos, e nós non estamos ben situados nese mercado global, por non estar nin estamos ben situados no local.

Localismo universal

Insisto: non vos poñades para atrás, lede a novela, que se le ben, e lese mellor ou con máis interese si un é de aquí. Iso, que a novela ten un interese especial para os de aquí que non o ten para un, por exemplo, de Lugo, porque a novela desenvólvese en boa medida nas nosas terras e os nomes sonnos familiares. Isto non quer dicir que non teña interese para os de fóra. Claro que o ten, e mesmo para os de máis aló. **Por que non unha tradución a outros idiomas?** Claro, dirán que é **un tema local**. ¡Cantos temas “locais” nos vendeu Hollywood no cine, por exemplo! ¿Cantas películas de vaqueiros non tiñan máis argumento que unha vaca que entrou na leira doutro ou que un granxeiro desviou un rego de auga?

Non é este o “local” que me interesa. Os exemplos que me interesan veñen doutros lados, non da industria prepotente e de recursos artificiais. Un exemplo bo dunha interesante película dun tema tan local como o que unha arrendadora decide non arrendar máis un prado ao veciño que o traballaba e que estercaba con argazo (perdón, con *arghaço*). Estou pensando na película irlandesa *O prado*, de Jim Sheridan, que ben podía ser unha película nosa, feita aquí e cun tema de aquí. Pero todo depende en boa medida de cómo nós nos enfrontemos a nosa propia cultura, se a asumimos con orgullo como propia ou, pola contra, pensamos que non nos vale para estar no mundo. Lema optou decididamente pola primeira opción. Se non fose así non habería esta novela, tampouco habería *A arte relixiosa na Terra de Soneira* e tantos outros traballos da súa autoría, que non só dignifican o seu traballo intelectual, senón que nos dignifican a nós como habitantes deste vello país.

Podería traer máis exemplos deste **localismo universal**. Penso por exemplo na novela de Fernando Namora, *O trigo e o joio*, onde todo xira en torno a un labrego que ten que ir a unha feira a comprar unha burra, ou en *Sudeste* do “desaparecido” escritor arxentino Haroldo Conti, onde se conta a vida mísera dun pescador.

A primeira sorpresa, xa na primeira páxina

Mais vai sendo hora de entrar xa nas páxinas do libro que nos trouxo hoxe até Muxía.

A primeira sorpresa atópoa **xa na primeira páxina**, onde aparecen unhas iniciais: B. B. B., que di que corresponden a unha autora escocesa que estaba a facer un estudo sobre os faros da súa terra e que encontrou un manuscrito cunha historia ambientada na nosa zona. Ben, o tema do manuscrito atopado é algo recorrente na literatura. Hai máis de vinte anos lembro ter lido unha novela dun escritor vasco (agora non lembro o nome e

o libro téño nalgunha caixa no faiado, libro que me recomendara unha amiga vasca en Londres) que empezaba tamén cun manuscrito atopado nun baúl esquecido no faiado dunha casa. Era unha metáfora para dicir que os de agora xa non coñecían o país das xeracións anteriores e a cultura da que viñan, algo que pode que nos estea pasando tamén a nós nestes momentos, de tan preocupados polo futuro esquecemos o presente e o pasado e acabaremos perdidos e engulidos polo capitalismo salvaxe.

Unha familia escocesa de enxeñeiros construtores de faros

Pero non quería seguir por aquí. Estaba cunhas iniciais, **iniciais que me levaron a uns doce anos atrás**, cando os dous andabamos metidos nun traballo sobre **os faros da Costa da Morte**. Eu comprara en Londres un libro sobre os faros escoceses. Nel falábase de tres xeracións dunha mesma **familia de construtores de faros** até que un deixou a enxeñería pola literatura, entón escribiu:

Non digades que fun débil e non fixen fronte
ás miñas obras, e que fuxín do mar,
negando as torres que os meus maiores erixiron, os faros que acendemos,
para xogar coma un neno que se divirte levantando castelos de papel.
Decide mellor: no atardecer do tempo
unha recia familia arrancou das súas mans
a area do granito, e contemplando ao lonxe
ao longo da costa bruadora, monumentos
e altas memorias que se afundían no crepúsculo.
Feliz sorriu, e a infantís tarefas
ao arredor do lume, dedicou as horas do anoitecer.

Este, que non quixo seguir a tradición familiar, **era Robert Louis Stevenson**, e viviu un tempo na costa sur de Inglaterra. A casa na que viviu levaba o nome dun famoso faro levantado polo seu pai e deseñado polo seu tío nas duras costas das illas Hébridas, Skerryvore, a rocha grande:

Por amor ás palabras fermosas, e
en homenaxe aos meus e aos meus compatriotas,
que desde sempre sobre o tempestuoso Océano
afanáronse en fixar unha estrela para os navegantes
alí onde até entón só reinaron guaridas de focas e corvos mariños,
eu, no lintel desta casa,
inscribo o nome dunha torre orgullosa.

Orgullo do propio, diría eu.

Pois estas historias de faros, de xentes, e de xentes preocupadas por mellorar a vida dos seus concidadáns, de todo isto fala este libro que, penso, é o que Lema di que escribiu B.B.B., e digo que é o mesmo que escribe **unha autora da que as iniciais son B.B.**, polo que o recurso literario foi aquí engadirlle un –b- máis. A min persoalmente gustárame

moito este libro(1), gozara léndoo e paseillo a Lema e, penso, que tanto lle gustou que tardou en devolvemento. Curiosamente, tempo despois, o malogrado escritor Ramiro Fonte fixera unha columna na desaparecida (hai tantas cousas xa desaparecidas) *A Nosa Terra*, nela dicía que ollando libros nunha librería londiniense vírao e colleuno nas mans para follealo, mais non lle vira interese e volveu deixalo sobre a mesa. Mágoa, pois perdeu de ler un bo libro e un libro que mostra unha interesante páxina da historia da navegación, como tamén o achegamento á historia dun país a través dunha saga familiar e o empeño dunha sociedade por mellorar. Agora estou a ler outro da mesma autora, un libro sobre naufraxios e xente que se dedicaba ás crebas e a provocalas.

Os despoixos dos naufraxios

Só para que vexades como eran alí, para que despois digan de nós. Na Canle da Manga, ao norte de Dover, no condado de Kent, que soa así como de máis prestixio e con prurito de nobreza inglesa, hai uns baixos areosos, os Goodwin Sands, aos que ían esfociñar moitos barcos nas tormentas. Os da zona estaban vixiantes e ofrecíanse para salvar a carga e os mariñeiros. Pero para os armadores e compañías aseguradoras estes “salvadores” non eran mellor cós piratas. En 1857 un barco americano, o *AB Kimball*, quedou varado nun destes baixos e os ribeiráns negociaban co capitán para axudar a salvar tripulación e carga. Supoño que o capitán, como era americano, falaría inglés e entenderíase ben con eles. Pois resulta que cando as cousas estaban nos botes dos mariñeiros da zona, estes din que non poden levalas ao porto, como acordaran, que teñen que deixalos nunha praia e que as levan ao seguinte día. Pero ao outro día o capitán comprobou que na praia non había nada e os mariñeiros desapareceran. Fora roubado descaradamente. Na súa denuncia dixo que os nativos ingleses eran peores cós salvaxes da Patagonia. Outros capitáns preferían arriscarse a perder todo antes que pediren axuda a estes supostos salvadores, pois estaban seguros de que con esta axuda non ían salvar nada.

Pero estaba aínda lendo as primeiras páxinas de *Costa do Solpor*. Teño que dicir que, de principio, había **uns nomes que me sorprendieran**: o nome do barco, *Hispaniola*, o dun tal señor Trelawney -que inmediatamente relatei con Cornualles-, Livesey, Ben Gunn, este xa me soaba máis a pirata. Eran nomes que me parecían familiares, mais tardei algo en decatarme de onde procedían, da novela *A illa do tesouro*, do xa citado Robert Louis Stevenson.

Unha obra moi pensada, moi madurada

Ou sexa que Lema estaba **seguindo o ronsel do xenial escritor escocés** e, en concreto, dunha obra considerada clásica e que marcou un paradigma na literatura de aventuras, todo un clásico escrito nunha linguaxe sinxela e fácil, pero ao tempo atractiva e moi coidada, algo que tamén fai Lema.

1 Bella BATHURST (2000): *The Lighthouse Stevensons*; Flamingo, London.

Como nos tempos de Stevenson, mentres uns están preocupados polo estilo, por facer novelas “densas” (eran tempos de pesimismo, coma hoxe), outros manteñen unha postura diferente e chegan a estes obxectivos polos camiños que aqueles detestan. Acusouse a Stevenson de evadirse dos problemas, mais cando se viu fronte a eles tomou postura decidida e esta postura é recoñecida, por exemplo, pola xente da illa de Samoa, no Pacífico, que non volveu cazar no monte onde está a súa tumba, a tumba de Tusitala, do home que contaba contos. Stevenson dera a cara polo seu rei cando fora preso polos alemáns que andaban a xogar ao xogo dos imperialistas e o reiciño ese non entrara ao trapo. E, aínda que morreu lonxe, Stevenson era escocés.

Ao contrario d’ *A illa do tesouro*, penso que **a novela de Lema é unha obra moi pensada, moi madurada**. Stevenson empezou a escribir a novela como un pasatempo co seu fillastro Samuel nunha tarde na que este estaba aburrido. Empezou coma un divertimento. Ao contrario do escocés, a novela de Lema non se desenvolve en terras de lonxe e descoñecidas, onde a descrición do escenario non ten por que facerse coa densidade que require **unha paisaxe vivida**; a novela de Lema desenvólvese en terras moi próximas e vivencialmente coñecidas, é unha novela sobre a súa terra, e isto require outra densidade na descrición. Entón, *Costa do Solpor* é unha novela de aventuras ou é unha novela sobre unha paisaxe histórica?

E a novela de Lema ten moito que ver con cousas que nos conta B.B. no seu libro. Pero o autor, ou o tradutor, camiña facilmente desas paisaxes veciñas ás nosas facendo unha descrición densa. Non se queda nos detalles do natural, na descrición externa, senón que nos fala **dunha paisaxe construída polo hábitat histórico das xentes**, das xentes que a modelaron co seu traballo e coa súa forma de vida. Non son paisaxes para ser só contempladas, paisaxes de postal, son paisaxes para seren sentidas e vividas, paisaxes para a emoción e para apoiar a memoria colectiva, a memoria dunha xente que a habitou e quer seguir habitando pese as trabas que lle poñen día a día este capitalismo salvaxe que nos domina e os pousóns que nos gobernan (estes si que son guiadiños).

Axiña aparece na novela a “Estrela Escura”, como os campesiños alemáns chamaban a Fisterra por unha asociación fonética. Aparece tamén a “montaña vermella”, que non é outra que o maxestoso Pindo. Aparecen persoeiros e nubeiros narrados nas aventuras e desaventuras de George Borrow por Fisterra. Aparecen lugares coma Morpeguite, aldea de poético nome, -e permitídemme facerlle unha pregunta: por que *aldea* e non *lugar*? Nós usamos máis a palabra *lugar*-, e Nemiña, A Sinagoga, Senande, Xurarantes, para o que mesmo lle dá unha etimoloxía popular, algo así como “xurar antes”, para que che abran as cancelas e poidas pasar, porque Xurarantes é un núcleo viario. Pero sei que sabe que a súa etimoloxía é máis complicada e máis interesante. Aparecen nomes de lugares asociados á xente que participa nalgunha das

accións da novela, como Toniño de Sendón, Ádegas de Xansón, Tomé e Xián de Viseo, Locaia de Frixe...

O capítulo 9 titúlase “O carballo e o faro”. Aquí nótase a información facilitada por B.B, ou que o autor é un bo coñecedor da historia dos faros. Pero o autor recorre outras veces a datos tirados doutros libros e doutra xente e, agradecido, recoñéceo ao final. O interese está en saber darlle categoría de creación literaria a estas cousas que outros tamén temos diante e non somos ou non soubemos levalas ao campo da creación.

O capítulo 9, dicía, é toda unha síntese da diferenza entre un país que asumiu plenamente a Ilustración, as Luces, como fixo á burguesía escocesa, e outro gobernado por ideoloxías recalcitrantes e unhas clases dirixentes que preferían seguir vivindo de rendas antes que buscaren novos proxectos. A desculpa, **o faro de Eddystone**, paradigma dos faros modernos, o seu deseño está baseado na observación da natureza, polo que resultou eficaz ante os envites da natureza, ao tempo que esteticamente elegante. Eddystone –a unhas millas mar a fóra do porto de Plymouth-, érguese por un interese colectivo de avanzar na historia, mentres aquí ardían fogueiras na noite.

E a acción vai pasando cara ao norte, **chegando mesmo á Coruña**. E a novela fai unha descrición de cómo sería esa cidade e as súas xentes a mediados do século XVIII. Pero desta parte xa falou o amigo Laredo Cordonié (na presentación da Coruña o 2 de maio 2013), quen sabe máis ca min da historia desa cidade que lle debe moito ao mar.

O clímax, a diferenza de Stevenson, máis cara ó final

Non vou dicir que non hai nestas páxinas emoción, clímax, que haino, mais será cara á metade da novela cando vaian crescendo e a tensión se mantén en niveis ácidos. Aquí si que hai **unha diferenza coa novela de Stevenson**, onde o clímax está na primeira metade e vai decaendo cara ao final.

E contra a metade da novela é cando a acción se vai ir desenvolvendo pola nosa zona.

Hai cousas que falan dunha idiosincrasia peculiar. Temos escoitado historias de **nomes de cans**. “-Señora, como se chama o can?” “-Chámase *Coma ti*, ou *Xa cho dixen...*” Pero tamén é certo que todos nos referimos a un carballo ou a un castiñeiro polo seu nome, que non precisamos falar de “árbores”. Pero iso, penso, está cambiando, pois o monocultivo, tanto o forestal como o cultural, estase estendendo e non deixa distinguir a diversidade. Outra cousa: creo ter escoitado que “o gato ía ás morcillas”, non ás filloas, pero iso ten que ver ao mellor con

narrativas propias, locais e familiares. As morcillas facíanse varias veces no ano, as filloas unha, así que o gato tería que aproveitar a ocasión.

Hai un capítulo de homenaxe ás **naís solteiras**, ás mulleres que nunha sociedade moitas veces inxusta, tiveron que tomar unha decisión difícil e enfrontarse á vida. Moitas historias de vida que nunca verán a luz, pero son historias de supervivencia e de construción dunha sociedade, tamén historias de identidade e orgullo feminino.

Como tamén nos trae formas de dicir nosas e expresións xa en desuso, como “andar na fura de diante”, pois os carros desapareceron da nosa paisaxe, ou “darlle volta ao follado”, pois agora somos tan finos que só hai *crêpes*, cando o follado formaba parte da nosa dieta histórica.

Na novela tamén se reivindica o vello e **milenario topónimo de Nemancos**, e abro unha paréntese de crítica e autocrítica: non fixemos dabondo para reivindicar ese milenario nome como fixeron en Soneira. Somos da Terra de Nemancos. Hoxe o topónimo Nemancos só o mantén a Igrexa na súa división territorial: o arciprestado de Nemancos.

Na novela aparecen persoeiros aos que Lema ten admiración, como **frei Martín Sarmiento** e tráeo para falar da Pontenova, onde di non había ponte nin nova nin vella, para falar escepticamente das pedras da Barca e, tamén, para falar da lingua. Pero onde Sarmiento se mostraba escéptico sobre as pedras da Barca non era nas pedras de abalar e dos cadrís, era nas laxes onde se asentan estas, no chan onde medran os mexillóns e onde algúns vían unha intervención divina debuxando os símbolos da paixón de Cristo. O ilustrado frade xa dixerá que algúns ven milagres onde só hai obra da natureza.

A vila maldita dos pousóns

E aparece unha vila chamada Vilasumisa, cuns habitantes pousóns, uns guiadiños. Ía pasando ás páxinas e cheguei a pensar que esa era a Muxía do *Prestige* contenta coa lotaría da desgraza e na que só uns poucos son capaces de rebelarse contra os que se cren donos da vida e destinos dos outros. Pero para nada era Muxía: o autor axiña nos aclara que hai moitas Vilasumisas en Galicia. Que desgraza! E Vilasumisa somos todos nestes momentos nos que achantamos e calamos mentres, coa desculpa da crise, nos están dismantelando todo o pouco bo que tiñamos erguido como sociedade civil: sanidade e educación pública, pensións, caixas de aforros, dereitos, mesmo o dereito a falar a nosa propia lingua estano demoucando, estudar e coñecer a nosa historia, algo que é subversivo coa lei educativa que debuxou o ministro Wert. Pero en Vilasumisa, ao final, aparecen uns mozos que non queren vivir unha vida gris e deciden rachar co servilismo e rebélanse contra o silencio imposto. Entendo esta pasaxe como unha chamada de atención e un canto ao optimismo da mocidade, unha luz de esperanza que non debemos perder. Pero Vilasumisa non a atopamos agora

xa no mapa, pois xa se nos di nas ‘Notas históricas’ do final, que debeu desaparecer baixo as augas do mar ou a area dalgunha praia. Outro recurso a lendas clásicas cunha clara metáfora ou mensaxe.

Muxía aparecerá despois, en relación ao desenvolvemento da trama. Pero se en Vilasumisa non ían ao mar porque vivían da “caridade” dos corsarios, en Muxía (e tamén en Camariñas) os seus habitantes si tiñan que ir ao mar, non lles quedaba outra para comer.

Aproveitamento das lendas tradicionais

Outro dos elementos importantes ou destacables da novela é **a furna da Buserana**, que Lema escribe con “x” e propón unha posible etimoloxía: “Buxerán, porque debía ser forte coma un buxo” (p. 379). Na furna desenvólvese parte da trama final, mais non vou contala.

Para acceder á furna explora ás lendas tradicionais que antes poboaban as mámoas e castros, as lendas dos tesouros acochados polos mouros da nosa tradición mítica, que a temos, pero que deixamos morrer baixo terra para sempre. Para acceder aos tesouros acochados había sempre dúas trabes: unha de ouro e outra de alcatrán. Se dabas coa primeira facíaste rico, se coa segunda ardía o mundo e todo se perdía para sempre. Polo que o tesouro seguía oculto e a vida dos veciños seguía coma sempre. E o tesouro non era outra cousa que pegadas doutros tempos dos que xa non quedaba un recordo asimilable á racionalidade dese presente. Estas lendas son un xeito de interpretar un pasado do que só quedan escasas pegadas materiais; tamén un xeito de encher de significados e contidos simbólicos unha paisaxe, de humanizala aínda máis.

Personaxes senlleiros: o Chavián, o Crego Sabio...

Un papel destacado na novela teno **un personaxe chamado Chavián**, fillo dun náufrago inglés que chegou ás nosas praias, botouno o mar. Este inglés ben pode ser un personaxe inspirado en Man, o alemán de Camelle, quen falaba coas pedras. Aproveito este **falar coas pedras**, falar que decide dous momentos importantes na trama da novela, para chamar a atención sobre un patrimonio descoidado e desprezado, como son as paredes que dividen ou dividían moitas leiras no noso país e teñen aquí en Muxía unha expresión digna de calquera artista contemporáneo. Reclamo máis atención e aprecio para estas paredes que, en Muxía, non só forman parte da imaxe deste pobo, senón que sen elas, atrevome a dicir, non existiría esta vila mariñeira por moito santuario da Virxe da Barca que teña.

E aparece don Reimundo Antonio Posse Romeu, **o Crego Sabio**. Lema colle un nome xa lendario, pois aparece nas antoloxías de contos populares

galegos, para facer un prototipo de crego líder e achegado aos seus veciños, que os sabe sacar dos apuros, que os defende diante das agresións exteriores, que non está de acordo con todos os dogmas da Igrexa que representa, un crego politicamente comprometido, partidario da xustiza pola man, que tamén é amigo de troulas etc. En definitiva, un crego do que noutros lados poderían chamar da teoloxía da liberación e monseñor Rouco teríao excomulgado sen máis. Pero neste crego ficticio hai tres ben recoñecibles: o liberal Juan Antonio Posse, o verdadeiro Crego Sabio e outro actual. Tres cregos de tres distintos séculos. Posse era de Soesto, aínda que case sempre viviu en León e a cabalo entre os séculos XVIII e XIX. É outras das teimas de Lema. Un crego que podemos considerar prenacionalista e que non lle importaba ir ao pazo arcebispal a montar unha "bulla" cos seus colegas que alí exercían de burócratas e ós que el chama "cagatintas".

Pero a presenza de Posse non está só caracterización dun personaxe, está tamén noutros detalles ou nas arengas á mocidade, como cando se fala dos foros e dilles que hai lugares onde teñen as terras en común. Cando di isto está recreando unhas páxinas das memorias do crego Posse cando fala dunha das súas freguesías, en concreto da de Llánaves, nos lindes entre Castela e Cantabria, no corazón dos montes cántabros.

O verdadeiro Crego Sabio

O **verdadeiro Crego Sabio**, que na novela se chama don Reimundo, non é outro que Xosé Díaz Arosa, nacido en Santa Mariña (Coucieiro), aló pola metade do século XIX e morto sendo párroco de San Cibrán de Vilastose en 1930. A súa lauda sepulcral está ao pé da porta principal da parroquial. Presume, na novela, de ter a mocidade máis afouta, que xunta a toque de campá, como noutros tempos, para saíren a axudar aos que estaban en perigo. E como bo coñecedor da arte relixiosa e moitas outras cousas, o autor dinos que as campás estaban separadas da igrexa, como están en Vilastose.

Este crego tiña sona de menciñeiro e mesmo de adiviño e era moita a xente que seica acudía buscando consello ou remedio. A súa sona superaba os lindes de Vilastose e, seica, chegaba até as portas das consultas dos médicos de Compostela que pretendían acabar con esta competencia que os deixaba mal. Non cobraba por atender á xente, só aceptaba o que lle traían:

“-Aquí lle traio dúas ducias de ovos.

-E por que non as levas a onde deixastes as outras?”

As outras quedaran escondidas no monte, porque lle pareceran moitas. Pero tamén era mañoso e inventivo, pois sabemos que lle gustaban as máquinas e debían fascinarlle os avións, pois recibía revistas de enxeñería e aviación. Todo un personaxe que mesmo merece unha novela el só. Xa está

nalgunha antoloxía da literatura popular galega, onde aparece co alcume de “o entendido de Vilastose”.

O terceiro crego defendeu aos seus veciños diante unha inxustiza como era non ter dereitos sobre as terras que viñan traballando secularmente. Mesmo foi expulsado do Parlamento Galego por clamar xustiza para os seus veciños cando se estaba tramitando no Pleno unha lei que non resolvía nada. Non digo máis del, pois está presente neste acto e dáme apuro.

Defensa do idioma, defensa do noso

O idioma, sempre a defensa do idioma. A novela é **un canto a favor da nosa lingua**, un idioma que, nos momentos históricos nos que se desenvolve a trama, non se sabía que fora tamén lingua da administración dun país, como informaba a culta fidalga Mariña de Lobeira: “que esta nosa lingua, a galega, que falamos pero que non escribimos, moitos anos atrás tamén se escribía” (p. 429). E seguiremos falando pese a quen lle pese.

Costa do Solpor é a **novela da Costa da Morte**. Dentro de cen anos pode que a Costa da Morte sexa coñecida como Costa do Solpor, pois hai cen anos ninguén coñecía a denominación de “Costa da Morte”, esta é unha denominación que se impuxo recentemente, aínda que aparecen mencións xa a comezos do século XX.

Costa do Solpor é un **achegamento comprometido e documentado ao noso territorio**, a nosa historia, a nosa maneira de ser e de situarnos no mundo. Un canto e loa do propio. Outro xeito de aprecio do noso, polo que recomendo encarecidamente a súa lectura.

Téñolle escoitado a Lema que aquí empezou e rematou a súa andaina literaria. Outra vez non lle vou facer caso ou non lle quero facer caso, pois o meu augurio é que dentro duns anos nos sorprenderá con outra obra que volva falar de nós. Moitas grazas por *Costa do Solpor*, pero tamén por moitas outras obras e traballos que fixeche e que nos axudan a estar no mapa do presente e do futuro como galegos nun mundo cada vez máis global, pero que non existiría sen o local, algo que algúns non entenden. Como dicía unha pintada no parque Xosé Mosquera de Compostela, por onde vivo, “pensa local, actúa global”. *Costa do Solpor* é unha novela pensada desde o local para o mundo global, onde tamén estamos, pero onde debemos estar mellor, e este mellor dependerá do noso aprecio polo local, polo noso. *Costa do Solpor* é tamén unha novela que invita a tomar postura e defendernos dos ataques que nos lanzan todos os días e a todas as horas, pero, aínda que en todas partes hai cans descaltos, os tempos serán chegados.

[Texto lido na presentación do Salón de Actos da Casa do Concello de Muxía, que contou coa presenza do alcalde Félix Porto;

Manuel Vilar, nado en Santa Mariña (Coucieiro-Muxía), historiador e antropólogo, ten varias publicacións relacionadas coa Costa da Morte]